



# CONTO CLÁSICO

VIII CONCURSO DE CUENTOS REPSOL S. A.

SEGUNDO PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autor: **Damián Suárez Vázquez**

ANO 1995



A parroquia de Carballedo tiña sido noutro tempo terra de mouros como así o demostraba a toponimia do lugar. Só con fixarse en nomes como o de Casal de Almuiña abondaba para se decatar de que nesas terras habitaran almas pagás en tempos pasados.

No cabo de Carballedo, ó outro lado da fraga, estaba o lugar de Furco. O afastamento, os malos camiños e sobre todo a fraga, atestada de lobos segundo a xente, facían que as relacións entre os veciños de Furco e as demáis persoas da parroquia fosen ben poucas, a non ser pola festa do patrón, que reunía a xente de varias bisbarras aló polo mes de setembro, e máis polo Estevo, o arrieiro de Furco, que era coñecido como o Galochas, alcume que xa lle viña de familia.

O Estevo era un home sinxelo: o que máis lle gustaba era quencerse ó pé da lareira nas noite de inverno. Andar todo o día a cabalo da besta, cos ósos roídos pola néboa e polo orballo, abofé que non é moi agradable, máis o gosto de estar un día aquí e outro acolá xa lle viña de familia, pois herdara o oficio do seu pai.

A nosa historia comenza nunha das súas viaxes. Tornando da feira dunha parroquia veciña, ocorreulle algo ó arrieiro que nunca podería ter imaxinado.

Como vendera a bo prezo canta fanega de centeo levara, demorárase nunha taberna con outros compañeiros de oficio, a festexa-las boas vendas. O tempo pasaba rápido mentres corría o viño tinto. O Estevo, ó se deca-

tar da súa larganza saíu da taberna, montou na besta e emprendeu o camiño de volta, cando xa non faltaba moito para o solpor. Tiña mentes de chegar antes de que fose noite pecha, ó ser esta compañeira das procesións de ánimas, das meigas e ata do mesmo demo.

Cando o día ía na derramada conseguira poñerse ó pé da fraga e, decidido, colleu o vello camiño empedrado que a atravesaba. Era unha corredoira practicamente en desuso; a xente tiña por costume dar un rodeo: contábase nas ladeiras a historia dun home que aparecera morto na fraga, tendo como executor un ser de alenmundo. Pero por suposto que non se ía amedrentar con eses contos de vellás.

En atravesando a fraga, a pouca luz que lle restaba ó día esmorecía rapidamente. O lento bater das ferraduras do animal nas lousas resultaba molesto. O aire zoaba acaneando as pólas das árbores. O Estevo empezou a se sentir incómodo. Cantou a curuxa. Non era medo, pero si comezaba a notar certa intranquilidade.

De súpeto, a égoa detívose. O xinete levantou a cabeza de vagar e alí, atravesando unha touza nun pequeno outeiro, viu unha muller que estaba a fitalo. Nunca contemplara tanta beleza xunta. Aquel corpo emanaba luz. Ia toda ela vestida de branco cun saial longo que lle chegaba ós pés. Na fronte, unha fita dourada facía que aquela cabeleira prateada, crencha, non lle velase o rostro de faccións perfectas. E sobre todo, impresionaba aquel ollar penetrante e melancólico.

Pero tal excepcional imaxe estaba a se esvarecer tra-los cabalos.

–¡Agarda! –gritou.

Mais todo intento de retela foi inútil. Ficou uns minutos quedo. Logo acordou. Alí estaba, só xa na noite, no medio da fraga. Continuou o seu camiño pero xa non podía matinar noutra cousa. Tiña que volver vela, custase o que lle custase.

Non tardou en chegar á casa. Os ladridos dos cans alertaron a Margarida, a súa muller, quen saíu a recibilo: –¿Que che pasou? ¿Como tardaches tanto? Xa andei casa da túa nai preguntando por tí.

O Estevo calou e foi cando xurdiu a pregunta:

–¿Non virías pola fraga?

–Viñen

–¿Estás tolo? ¡Ti só e de noite! ¡Seguro que topaches co lobo! ¿Víchelo, non sí?

El negou coa cabeza e escusándose polo cansanzo deulle as boas noites. Abofé que seu home non adoitaba comportarse dese xeito. Foi precisamente iso o que alertou á Margarida. Estivo intranquila, sen poder durmir ata ben entrada a noite. Algo lle remoía no seu interior e confiaba que co novo día chegarían as explicacións. Ador-meceu, pero á mañá seguinte, ó espertar, atopou a cama baldeira.

El saíra de casa con dirección á fraga antes do amencer e agora xa se atopaba na touza onde vira á muller. Desexaba encontrala, pero non foi así; sen embargo, continuou a buscala todo o día. Cara a tardiña toldouse o ceo e deu por orballar. O Estevo, canso xa de buscar, sentou no chan, ó carón dun bidueiro seco.

De súpeto sentiu un camiñar. Ergueu a cabeza e fronte del topou cun lobo que estaba a fitalo. Estrañamente non sentiu medo. O animal tiña un ollar tristeiro, case amargo e o seu pelame era mesto e prateado. Ó verse descuberto fuxiu desaparecendo entre as xestas. O arriero deulle por seguilo.

Non tiña camiñado moito cando se encheu de felicidade ó oír cantaruxar a unha muller. Ó pouco puido comprobar que se trataba da doncela vista a noite anterior, que cantaba mentres fiaba sentada ó pé dunha pel prateada. Non tardou o Estevo en asocia-lo pelame do chan co do lobo e entón sospeitou que a doncela que o enmeigara era tamén vítima dun meigallo.

–¿Cómo te chamas, muller? –inquiriu o arriero interrompendo a cantinela.

–Sabede que me non está permitido desvela-lo meu nome –explicou con grande amargura. Sen embargo como non sodes home avarento, tedes dereito a que vos entregue o máis belido tesouro que acochan as terras deste reino. Seguídeme sen temor ningún. Adentrouse a don-

cela nunha focha e tras dela foi o Estevo. Baixaron esca-  
lerias, penetraron na escuridade. Comenzaron logo a  
camiñar por un corredor.

–¿Vedes aquel resplandor no cabo? –preguntou a  
doncela.

–Vexo

–Pois é alí a onde temos que ir.

Seguiron avanzando. Ó cabo do tempo decatouse o  
arrieiro de que estaba a face-lo camiño só. Sen embargo  
non quixo deterse. A luz proviña dunha sala enorme e  
cando entrou puido contemplar no seu centro o máis fas-  
toso tesouro nunca pensado: co ouro poderíanse cons-  
truír castelos; pérolas e pedras preciosas habíaas a moreas;  
nas vaixelas e copas, que se contaban por centos, era máis  
valioso o fino traballo dos ourives có metal precioso  
empregado. O Estevo quedou abraiado mirando aquel  
marabilloso espectáculo de luces e cores.

Pero unha voz repentina sobresaltouno:

–¿Deveces por levalo contigo, non si?

O caralledense virou no instante. O seu asombro  
aumentou ó ver un ancián reclinado sobre almofadas e  
coxíns de veludo vermello, que levaba un enorme turban-  
te enrolado na cabeza. Enseguida se decatou de que o  
estraño non era senón un mouro. Aínda así, decidiu pre-  
guntarlle pola súa identidade.

–O meu nome é Cide-Abdalá-Jalibé e son o guardián deste tesouro –respondeu o mouro.

–¿E quen é a muller que me trouxo aquí? ¿Que foi dela?

–Non te preocupes pola muller, verala máis tarde.

–¡Quero vela agora!

–¡Non te alporices, acouga e deixa que che conte a súa historia. Todo empezou cando o meu pobo chegou a estas terras. Non traíamos intención de facer mal: buscamos só un lugar apacible para criar ós nosos fillos. Os primeiros anos foron de convivencia pacífica coas xentes que aquí vivían, ata nos fixemos amigos. Os problemas xurdiron cando os nosos veciños foron sabedores das riquezas que agochabamos. O Conde Galaor, señor destas terras, impúxonos o prazo dun día para marchar, alegando como xustificación a ofensa que lle estaban a facer ó seu Deus ó permitiren o noso asentamento. Comprenderámo-lo seu plan: querían que marchásemos, pero sen ouro. A nosa resposta fora unánime: non íamos fuxir. Momentos máis tarde déusenos un ultimátum: se non marchábamos no prazo fixado matarían ós nosos fillos, que colleran como reféns. Resignados, acordamos deixar a terra e dirixirnos cara o leste. Pero cando me entregaron ó meu fillo estremecéuseme a alma: torturaránolo ata a morte para saber onde agochabamos-lo ouro. Entón xurei vinganza.

O meu pobo fuxiu pero eu quedei para cambiar de lugar o tesouro. Presenteime logo no pazo de Galaor para remata-la miña vinganza: levaría a súa filla comigo dándolle figura de lobo: a rapaza só volvería recupera-lo seu aspecto humano unha vez cada cen anos, momentos no que tería que procurarlle a morte a un cristián. Finalmente, volvín á focha voando e dende entón vivo aquí.

Ben, meu amigo, xa sabes quen é a doncela, pero has de saber tamén que tí é-lo cristián. Non, non te aflixas, como son xeneroso imos deixar que sexa o destino o que decida a túa sorte. ¿Ves esas dúas portas aló, no fondo? Pois debes escoller unha. Nunha delas atopará-la liberdade para ti e máis para a doncela; marcharedes libres xa do meigallo e todo o tesouro será teu. Na outra atopará-la morte e a túa alma non terá descanso ata que outro cristián desfaga o encantamento. ¡Vai xa! e que teñas sorte...

Non pensou o arrieiro en deixar de cumpli-las ordes do mouro e simplemente comenzou a camiñar. Tiña que decidir cal das dúas portas debía de abrir. Nun mero xogo de azar ía decidi-lo seu futuro. Mentres pensaba isto as portas achegábanse máis e máis... A suor escorregáballe pola fronte e polas mans. Tiña que decidir. Por fin chegou ás portas. Estaba alí, quedo, asustado, pero sabía que tiña que decidir.

–¡Abre unha xa! ¿A que esperas? –berroulle o mouro dende o outro lado da sala.

O Estevo, impulsado por unha estraña forza colleu aire, levou a man a un dos pechos e comezou a viralo. Namentres, a fraga enchíase de voces que chamaban por el. Era a súa dona, a Margarida, acompañada de moitos dos veciños que se botaran ó monte buscando ó arrieiro. Algúns levaban galletos sobre o ombreiro por aquilo dos lobos, pero asustáballes máis outro tipo de males. Separáranse para face-la busca máis efectiva, aínda que con moita prudencia. Foi a casualidade a que provocou que fose a Margarida a que atopase o corpo do Estevo, sen vida, ó pé dun bidueiro seco. Un alarido amargo que rematou en salouco encheu a fraga, alertando ó resto dos veciños. Todos puideron contempla-lo finado, alí sentado, como durmindo, sen ningún tipo de ferida visible. Dous homes, os máis rexos, levaron o corpo en angaralladas ata a aldea.

Durante a noite, mentres no velorio soaban as monótonas ladaíñas das vellas, oíase oubear un lobo tristemente. O pobo de Furco, inxenuo, falou do sensible olfato que posuían estes animais míticos para a carne morta, tan distante do coñecemento da historia dunha doncela que tivera que levar á morte ó home do que se namorara.

E así foi como dende entón se contou nas lareiras a historia dun home que aparecera morto na fraga, tendo como executor a un ser alenmundo.